

OS RÍOS DE GALICIA

ÍNDICE

- *Os ríos : conceptos*
- *Os ríos de Galicia :*
 - * *Características xerais.*
 - * *A vertente atlántica*
 - * *A vertente cantábrica*
 - * *O aproveitamento dos ríos.*
- * *Mapas*
- * *O Miño cara ao atlántico.*

OS RÍOS

Conceptos

| |
|--|
| Afluente: Corrente de auga que desemboca nun río |
| Caudal: Cantidade de auga que leva un río . |
| Cunca: Zona que verte as augas a un río |
| Curso alto: Tramo do río no que hai unha forte actividade de arrastre de materiais |
| Curso baixo: Tramo do río no que se van depositando os materiais transportados |
| Curso medio: Tramo do río no que domina actividade de transporte de materiais |
| Delta: Illa ou conxunto de illas que conforman un triángulo na desembocadura dun río entre os brazos deste. |
| Esteiro: Lugar onde desemboca unha corrente de auga no mar de modo que forma un golfo |
| Ría: Entrada prolongada do mar na terra asolagando a parte final dun río |
| Río: Corrente de auga que desemboca no mar ou noutro río . |
| Vertente: Conxunto de terras con augas que van parar ó mesmo mar. |

Os ríos de Galicia

Características xerais.

Os ríos de Galicia son cortos e caudalosos , xa que o clima oceánico propicia un réxime de chuvias , en xeral constante , ao longo do ano .

Os ríos que discurren en dirección leste-oeste , son os da vertente atlántica . Entre eles están os seguintes :

Miño, Tambre, Ulla , Anllóns, Oitavén , Xallas , Eume Mandeo e Lérez

Os ríos que discurren en dirección sur-norte son os da vertente cantábrica . Entre eles están os seguintes : Sor , Eo e Landro .

O aproveitamento dos ríos.


Os principais aproveitamentos dos ríos en Galicia son a produción de enerxía hidroeléctrica , a pesca fluvial e o rego.

Galicia é unha das maiores produtoras de enerxía eléctrica de España . Sendo os encoros as construcións que permiten este aproveitamento.

Outros usos que teñen certa tradición secular é a dos muiños , para poder moer o gran. E nalgúñas zonas como vía de comunicación.

Ríos de Galicia

Observa neste mapa as diferentes formacións montañosas que sirven de base para o nacemento dos ríos. Nalgúns casos ,como os do norte , son ríos de poucos Kilómetros de lonxitude , pero de caudal constante todo o ano.



RÍOS DE GALICIA

| | Nacemento | Desembocadura | Lonxitude / Kmts |
|--------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|------------------|
| Río Anllóns | Monte Xalo.Serra de Montemaior | Océano Atlántico .Ría de Corme e Laxe | 54 |
| Río Tambre | Montes de Bocelo | Océano Atlántico Ría de Muros e Noia | 134 |
| Río Eume | Serra do Xistral | Océano Atlántico .Ría de Ares | 80 |
| Río Landro | Serra do Xistral | Mar Cantábrico. Praia de Covas | 42 |
| Río Lérez | Monte de San Bieito (Serra do Candán) | Océano Atlántico.Ría de Pontevedra | 62 |
| Río Miño | Serra de Meira | Océano Atlántico .A Guarda | 310 |
| Río Ulla | Fonte de Ulla . Antas de Ulla | Océano Atlántico .Ría de Arosa | 132 |
| Río Xallas | Coristanco | Océano Atlántico.Ría de Ézaro | 65 |


Encoros de Galicia

De norte a sur e de leste a oeste os encoros esténdense pola superficie galega , xerando unha importante cantidade de enerxía eléctrica.




As cuncas dos ríos galegos

A cunca do complexo fluvial Miño-Sil ocupa unha gran parte da superficie do territorio galego . A menor escala están as cuncas do Ulla e do Tambre



O río Miño cara ao Atlántico .

Observa este debuxo que amosa , a groso modo, a inclinación do bloque de relevo de Galicia e que te pode explicar un feito como que a maioría dos ríos galegos , ao igual que o río Miño , van na dirección este - oeste .



Os ríos buscan o seu percorrido sorteando montañas e buscando as zonas baixas e , simultaneamente , erosionando o terreno , nunha actividade feita ao longo de miles de anos.